

MAIO-XUÑO 2025

Revista Galega de Información Literaria - Ano 23 N.º 134

PVP 3 €

Chega **Onde nacen as bestas** a obra de Pedro Feljoo
que recrea unha historia de violencia ancestral cunha
atmosfera inquietante

**Xavier Queipo fala de espías, amizade e traizón
na abafante atmosfera de Tamarindo**

Bilblos

CLUBE DE LECTORES



Bea Lema e *O corpo de Cristo*

O punto como punto de encontro. Non é unha redundancia, senón toda unha declaración de intencións da que Bea Lema nos fixo partícipes na librería Biblos de Betanzos. A autora que o ano pasado mereceu o Premio Nacional de Cómic por *O corpo de Cristo* situou a xénese desta obra na súa achega á artesanía comunitaria de resistencia das "arpilleras" chilenas e a aplicación deste coñecemento vencellado ao feminino para desenvolver un relato de autoficción que fala, entre outros temas relevantes, da saúde mental. Mentres debullou a súa vivencia, Bea suxeriu aos presentes coser sobre sabas antigas reutilizadas –hai moita poética en darlles outra vida–, dixo– e bordar nelas as letras iniciais dos seus nomes para logo conversar sobre as propias vidas, nunha experiencia que tivo moito de catarse.

No mes de abril compartimos co autor rianxeiro Oscar Reboiras a seu relato sobre a xestación de *El caso Salgueiro*, obra bosquexada nun taller de escritura que finalmente viu a luz na editorial Anagrama. É unha novela negra coral con protagonistas que son antiheroes, unha triade de solitarios que acaban por xuntarse a resultados do azar, co Xurés como pano de fondo. A alternancia de presente a pasado, os cambios na voz narradora e o manexo da intriga apuntalan unha trama que permite un reencontro co rural e o traslado a lugares menos coñecidos da xeografía galega.

Na semana de actividades para celebrar o Día do Libro inauguramos unha mostra de traballos de encadernación artística de

libros feitos por alumnos do Obradoiro Penumbra, creado en 1987 por Carmen Villalba e Rosa Fernández. Participaron Esther Mesías, Carlos Penide, F. Villatoro e Manuel Díaz Estévez con obras nas que aplicaron diversas técnicas. O 23 de abril sacamos os libros á Praza da Verdura e gozamos coa actuación da Escola de Música e Baile Tradicional de Coirós. Fíxose tamén a xa tradicional lectura de textos en diferentes idiomas, na que participaron, entre outros, alumnas e alumnos da Fundación CIEC de moi diversas procedencias xeográficas.

Por veces divertida, por veces intensa, pero emotiva do comezo ao fin. Así foi a presentación do poemario de Xosé Luís Mosquera Camba *Trece maneiras de mirar un almanaque*, título que garda relación cun dos poemas do norteamericano Wallace Stevens e que mereceu o XVII Premio de Poesía Johán Carballero do Concello de Bueu. O autor estivo acompañado polo tamén poeta Arturo L. Regueiro.

A poeta Sol Mariño participou na xuntanza mensual do Club de Lectura Biblos para falar polo miúdo de *As alas da serpe* o poemario publicado en Aira editorial. Finalmente, neste repaso das actividades do bimestre lembramos o paso da escritora Elena Gallego para presentar a súa novela *Ata que a morte nos separe* e de alumnas e alumnos de Casahamlet e Studio XXI á fronte de Santiago Fernández para facer unha lectura dramatizada de varias pasaxes de *O bosque de leite*, a obra de Dylan Thomas que Xerardo Couto vén de traducir ao galego para Medulia.

Unha novela de aventuras con transfondo de espionaxe que se desenvolve nunha atmosfera abafante. Estes son os vimbios cos que o escritor compostelán Xavier Queipo urdiu *Tamarindo*, a súa obra máis recente. O autor ten unha das biografías máis completas e diversas do panorama das letras galegas. Licenciado en Bioloxía e Medicina e Cirurxía pola Universidade de Compostela, viviu e traballou en Bruxelas dende 1989 ata a súa xubilación. Escribiu obras de narrativa, poesía, ensaio e literatura infanto-xuvenil e obtivo varios dos principais premios dentro e fóra de Galicia, entre eles o Premio da Crítica española en 1991 e o Nacional de Tradución do Ministerio de Cultura en 2014. Participou en numerosos libros colectivos e antoloxías, e traduciu do francés a Amin Maalouf e Hervé Guibert e, do inglés, a Joseph Conrad e James Joyce.

Xavier Queipo const... cun personaxe illado

— **Elixiu vostede como escenario para a novela o arquipélago de San Kitts e Nevis, dúas illas que configuran o país máis pequeno do continente americano. Cal era o propósito?**

— Apeteciame situar a escena nun país improbable (polo seu tamaño, pola súa historia, pola súa economía, polo que ten de descoñecido) mais real. Non crear unha heterotopía, senón situar a acción nun lugar real mais que nos resulta exótico polo descoñecido. Procurei nun mapa (os atlas son a miña debilidade dende neno, cando nas longas veladas do inverno compostelán pasaba horas enteiras debruzado sobre un deles, que aínda conservo) e logo de manexar varias opcións sitúei a acción en San Cristóbal de las Nieves, un minúsculo arquipélago do Caribe.

— **Que rol ten a xeografía?**

— Gustoume a idea de situar a acción nun lugar de difícil escapatoria nunha situación de persecución e emerxencia. Un país que se sitúa no Caribe, lugar propicio para os furacáns e os grandes desastres naturais que estes producen. A xeografía xoga aquí un rol fundamental, de illamento e catástrofe, que, en realidade é o que acontece co personaxe central, illado até a paranoia, dopado e acordando devagar nun ambiente hostil, mentres vai descubrindo a magnitude da súa traxedia persoal e da traizón da que foi suxeito paciente.

— **Para o protagonista principal bota man dun personaxe das súas obras *Malaria sentimental* e *Os kowa*. Coa longa lista de li-**

bro que leva publicados é seguro que vostede non ten problema ningún á hora de crear personaxes.

— Non boto man precisamente, senón que el me chama, en soños me conta unha historia e eu a vou transformando nesta novela. A novela foi escrita na súa primeira versión na primeira década do século XXI, antes aínda que ter escrito e publicado *Os Kowa*, o que matiza a súa pregunta. Por certo, o protagonista de *Malaria Sentimental* e de *Os Kowa* non ten nome ou o seu nome en todo caso non é relevante. É o que el é e representa o que ten significado: un biólogo especialista en sucesións ecolóxicas, ou sexa en procesos oportunistas e talvez caóticos co obxectivo de acadar un equilibrio no ecosistema. Isto é o que acontece tamén co protagonista das tres novelas, que leva unha vida inestábel e que vai evolucionando cara a un equilibrio, que se ve enleado en situacións dramáticas que o van a situar no gume da desesperación e como, no proceso, se vai liberando de varias capas até acadar unha situación de equilibrio... deica a seguinte etapa (novela) onde a roda do tempo o levará a confrontar outras situacións de risco e aventura.

— **El é biólogo e móvese ben polo mundo adiante, coma vostede, aínda que talvez fai cousas que Xavier Queipo non faría, entre elas meterse en leas. É un traxunto seu?**

— Xa quixera eu moverme polo mundo coa liberdade que o protagonista de *Tamarindo* se vai

A Portada

A imaxe de portada rende homenaxe á lumeirada da noite de San Xoán, rito que celebra a chegada do solsticio de verán e abre a ilusionante perspectiva de que é posible queimar aquilo que representa o mal e abrir espazos a novas cousas boas. O triunfo do animal simbólico.



Biblos
CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio

15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com


email: subscritores@biblosclube.com

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440



rúe en *Tamarindo* unha novela de espías ata a paranoia e vítima da traizón



movendo de Camboxa ao Amazonas, do Río Congo até St Kitts and Nevis. Eu viaxei moito, mais case sempre por razóns de traballo, de Sidney a Halifax, ou de Hammerfest a Nicosia, mais non actuando como naturalista, que se cadra é o que eu quería ser de neno e non fun, senón como auditor de sistemas, como científico, burócrata e diplomata. Nalgunha lea me teño metido, non vaia crer que son un santo laico, mais non me chegou a idade aínda de contar batallas que, ademais, non creo que lle importen a ninguén (moitas delas, por certo, xa as teño esquecidas).

— Que pode contar do resto dos personaxes?

— Personaxes hai poucos nesta novela. Está Walter, que lle dá contrapartida ao protagonista, un axente dobre dos servizos secretos cubanos e americanos, que leva en si esa dupla condición de traidor e amigo, talvez amante. Tamén presento a varios secundarios de carácter, en particular un taxista orgulloso de ser de Santa Lucía, un país, tamén minúsculo, onde naceu o Premio Nobel de Literatura Derek Walcott, que el reivindicaba (e eu tamén, por descontado).

— A sufocante atmosfera que consegue crear non o é só pola amnesia parcial que sofre o protagonista e o enclaustramento que marca a illa, senón tamén pola ameaza dun furacán. Como se tece esa prosa obsesiva?

— A min da literatura interésame moito o ritmo das frases, a musicalidade dos parágrafos, o ton na

narración, en definitiva. Por iso non debe soar igual un parágrafo de angustia que un de relaxación. Cando chega un furacán, cimbran as fiestras e se escoita o bruar do vento facendo voar as pranchas do teito ou os ramos das árbores, e un está recluso nun *bungalow* cun inimigo potencial, o ambiente creado pide un tipo especial de prosa, que vostede cualifica como obsesiva.

— O protagonista móvese máis por intuición que pola razón. É un consello?

— En situacións límite, quer a nivel físico como psicolóxico, a razón pode resultar lenta e pouco efectiva, en particular se queremos deixar atrás unha crise ou se a nosa vida corre perigo. Nessas circunstancias, méxese a razón co instinto de supervivencia e un agóchase ou deféndese como pode sen racionalizar a posición exacta do corpo ou a seguinte acción a realizar. A mente vai a cen guiada polas hormonas, mais aparecen automatismos, que se dirían instintivos. O instinto, por certo, tamén se educa. Non é un consello, non, pois non estou en situación de proporcelos.

— Vostede traduciu a Amin Maalouf. As novelas do franco-libanés están marcadas polas experiencias durante a guerra civil no Líbano e a emigración, que se reflicten en imaxes de viaxeiros ambulantes que atraesanas terras de diferentes idiomas e relixións. Existe algunha relación?

— Durante case corenta anos e por razóns de traballo estiven en

continuo movemento. Tiña un porto base, primeiro a casa matriz en Compostela e as terras do Sar e, xa despois, as casas familiares propias, quer en Vigo, quer en Bruxelas, mais o movemento era constante e así fun pasando por varios tipos de migración: a heterotópica, nas longas campañas de pesca do bacallau ou de exploración científica, a emigración clásica e dura, onde as posibilidades de contacto co país de orixe se reducían o intercambio epistolar e as chamadas esporádicas polo teléfono fixo até chegar, na fin, á emigración mol, a destes últimos anos, onde se poden establecer videoconferencias cos seres máis queridos a calquera hora ou se poden conseguir billetes de avión para viaxar á casa na fin de semana por prezos ridículos. Todas esas migracións, viaxes, deslocalizacións físicas e culturais, constitúen parte integral de min e, por extensión, do meus xeito de escribir.

— Escribe sobre valores e faltas. É unha obra sobre amizade e traizón?


— Non direi que todas, mais a meirande parte das narracións na nosa cultura, dende o libro do Xénese até a última narración que vostede teña lido, ou até este *Tamarindo*, falan de amizade e de traizón (que outra cousa é o amor?, que outra cousa é a vida e a morte?). Por iso en literatura o tema, ser o primeiro que fala disto ou daqueloutro, non ten para min unha grande importancia, senón que o que cualifica a un autor diferenciándoo dos seus pares é a

forma, o ritmo, a estrutura, noutras palabras o estilo.

— Ten algunha presentación prevista que poidamos anticipar?

— O libro está agora respirando nas mesas e escaparates de novidades das librerías, esperando a visita dos lectores potenciais. En breve estarei na miña cidade de nación, Compostela, asinando exemplares na Feira do Libro, en concreto o domingo 11 de maio, pola tarde na caseta da Librería Pedreira. Ademais, teño previsto facer unha presentación na librería Cartabón, de Vigo, o próximo mércores 21 de maio. Como non podería ser doutro xeito acudirí tamén a Viveiro, concello que promove o premio de novela Vilar Ponte, co que fun agasalado, mais a data está aínda por concretar.

VI PREMIO DE NOVELA
VILAR PONTE 2024 DO
CONCELLO DE VIVEIRO



Xavier Queipo *Tamarindo*

Arquipélago de St. Kitts e Nevis. Un home recupera a liberdade xusto no momento no que a súa memoria empeza a esclarecer que foi del nos últimos anos. Unha treboada está a piques de azoutar as illas e a súa vida. "Unha trama envolvente e fascinante", dixo de *Tamarindo* o xurado do Premio Vilar Ponte.

Aira Rústica
13 x 21 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-129879-6-6
17,10 €

Nacho Taibo




Foto: Distrito Xermar

Levitación, nivel iniciación

É a historia, en boa parte verdadeira, de Ákira, un diplomático xaponés que chega a España ao pouco de acabar a Guerra Civil. Na súa inopinada conversión ao catolicismo coñece unha familia coruñesa que o anima a visitar Galicia. Descubre que alí levita e para el será a Terra da Felicidade. No marco das viaxes e dun tristeiro Madrid en ruínas, onde algúns veneran a Alemaña triunfante, abrolla un tenue amor entre Ákira e Isaura, filla daqueles galegos, sobrevoando as abismais diferenzas culturais que o xaponés enfronta con valorosa vontade. No medio interponse, acaparador, Cholo, irmán da rapaza, un *falanghista* convencido, aproveitado, chupón e lacazán, tan xermanófilo como para seguir ao minuto a visita do xerarca nazi Himmler.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 102 páxinas

ISBN: 978-84-8487-717-2

14,95 €

Do mesmo autor

Xibraltar (Un Cadillac en Xibraltar)

Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 204 páxinas

ISBN: 978-84-19040-40-4

19 €

Suso de Toro

Conta, Sherezade



Unha historia na que literatura se converte en protagonista da propia novela e nun medio para comprender a vida. Luz asiste a un curso de creación literaria e decátase de que descoñece a verdadeira historia da súa familia, da súa vida, e decide utilizar a escrita para reconstruíla. A investigación e o proceso de documentación que leva a cabo vaillle ir desvelando datos e acontecementos que agardaban agochados e silenciosos nalgún lugar da memoria. Unha reflexión sobre a literatura, o descubrimento de segredos familiares ancorados nunha guerra

civil destrutiva e a reconfiguración da propia identidade.

Xerais Rústica
15 x 23 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-1110-653-5

17,05 €



Pedro Feijoo



Unha historia de violencia ancestral, cunha atmosfera densa e inquietante


Onde nacen as bestas

Entre o lume do val e as néboas da serra, algo se revolve nas entrañas da Galicia máis feroz e descarnada. Unha serie atroz de asasinatos espertará a memoria dun nome perdido no tempo e, como nun segredo que se comparte en voz baixa, un temor comezará a repetirse nos rumores: "Volveu o Sacaúntos...". *Onde nacen as bestas* é unha novela sobre o lado salvaxe do noso propio ser, onde a montaña marca as personalidades dos seus habitantes e a piedade pode desaparecer en calquera momento. Unha historia cunha atmosfera densa e inquietante, onde as fronteiras entre o cotián e o imaxinario se cruzan e mesturan ata facer imposible distinguir que é real e que lenda. Pedro Feijoo mergúllanos nunha historia de violencia ancestral, silencios familiares e identidades ocultas. Un *thriller* apaixonante que explora os recunchos máis escuros da natureza humana, onde cada quen garda os segredos e nada é o que parece.

Xerais Rústica
15 x 23 cm 536 Páxinas

ISBN: 978-84-1110-685-6

22,32 €



Agustín Agra

O libro das contrarias

Sofía, unha prestixiosa fotógrafa, internase nun agreste parque nacional de Suecia onde só é posible subsistir durante o estío. McClaunasey, investigadora sobre o papel das mulleres na ciencia, avisa a Fátima da desaparición da amiga de ambas. Pretende que dean con ela baseándose nunhas indicacións ocultas nos libros e poemas que, con tal finalidade, Sofía deixou a mantenta. Fátima, ornitóloga na universidade de Cornell, rexeita participar na busca por considerar imposible a súa localización. Porén, a mensaxe da antiga amante impúlsaa a viaxar ata Lisboa. Ali vi-

sita unha exposición fotográfica en cuxas imaxes cre reconecer a Sofía.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-671-9

16,10 €



Xabier Paz

A filla de Lucrecia

Lucrecia de León (Madrid, 1567) deu a luz a súa filla nos calabozos toledanos da Inquisición. Con este pé histórico, Xabier Paz escribe a posíbel historia de Lucrecia e a súa filla Alba. A vontade ferreña da nai e as súas habelencias, quer de adiviña quer de parteira axudanas a manterse até ser acolhidas en casa de dona Elvira, viúva mourisca. No ambiente de fanatismo católico sucédense os autos de fe en Granada, onde Alba medra entre dous mundos: o cristián na cidade, e o mourisco dentro da casa. Ao fin, o deprendido cabo da nai e o seu propio temperamento encarreirarán


a súa vida, gobernada polo namoro e a seda, nun finximento social contracorrente.

Belagua Rústica
14 x 21 cm 260 páxinas

ISBN: 978-84-12810-68-4

19 €





CERTAME DE NARRACIÓNS
BREVES MANUEL
MURGUÍA 2022-2024

VV AA


A garza alucinada

Reúne os nove relatos gañadores das edicións correspondentes a 2022, 2023 e 2024 do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía de Arteixo. Fixéronse co primeiro premio Ignacio Silva, con "O rubor da dignidade"; Roberto Rodríguez González, autor de "Sinfonía a 3 voces sobre unha cidade a tumba aberta", e Antía Yáñez, premiada na edición do ano pasado con "As regras".

Alvarellos Rústica 12 x 19 cm 222 páxinas

ISBN: 978-84-18567-78-0

17,57 €



Xosé Cermeño

Vantaxes e inconvenientes de case todo

"Libro de prosas breves escrito para persoas escépticas e perplexas. E non só para elas. Son benvidos a estas páxinas amantes da lectura a quen lles guste ir peteirando un pouco de aquí e un pouco de acolá, deixándose levar e sorprender", tal e como o presenta a editora. *Vantaxes e inconvenientes de case todo* fala de libros, de cidades, de coñizas, de xentes ilustres, de persoas anónimas, de paisaxes e de barcos. Tamén do papel da escritura para apresar fragmentos da vida e observalos ao trasluz. Xosé Cermeño fai-no con humor e cun xeito moi persoal de sospeitar que case nada pasou como o contaron.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1176-396-7

15,20 €



PREMIO CERTAME DE
MICRORRELATOS DÍA
DO LIBRO DE VILALBA

VV AA

Microrrelatos V e VI

[2023-2024]

O presente volume reúne os textos gañadores da V e VI edición do Certame de Microrrelatos Día do Libro, organizado polo Concello de Vilalba e Culturalia GZ en 2023 e 2024. Son en total dezasete composicións, pertencentes a tres categorías: Infantil, Xuvenil e Persoas adultas.

Alvarellos Rústica 14 x 21 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-77-3

12,50 €

Edición facsimilar



Eva Moreda


Hortensias, camelias, palmeiras

Teresa é unha adolescente de Lucián, o transunto literario dunha vila calquera no norte de Galicia. É boa alumna e forma parte do coro da escola de Música local. Cun estilo envolvente e magnético, Eva Moreda tece unha biografía colectiva dun tempo recente, pero xa pasado, que se evoca con elegancia e firme pulso literario.

Aira Rústica 13 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-129879-1-1

17,10 €



Luis Sánchez Abal


Unos años de emigración en Buenos Aires

Primeira obra en prosa de Luis Sánchez Abal. Encadrable no xénero de novela de quiosco, e con clara inspiración autobiográfica, describe a andaina vital dun novo inmigrante, que traballa primeiro no comercio e despois tenta facerse un oco no panorama literario e xornalístico porteño. Co paso do tempo vólvese crítico con outros inmigrantes e as súas asociación, e ao remate decide regresar a Galicia, cun pouco de señardade.

Consello da Cultura Rústica 13 x 21 cm 60 páxinas

ISBN: 978-84-17802-69-1

15 €



Álex Alonso


O teito é de pedra

"Naqueles primeiros días de xullo de 1936, don Antonio Cerqueira, elegantemente vestido co seu traxe de xastrería, chaleco, gravata e chapéu, comía na terraza do Bar Canido dúas nécoras con suma destreza e rapidez, coma se levase toda a vida manipulando criaturas minúsculas e indefensas". Así comeza esta novela "escrita coa pel e coas entrañas da emoción para homenaxear a todas as persoas que deron a súa vida pola democracia ou que padeceron en calquera das súas formas a represión franquista", explica a editora.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 360 páxinas

ISBN: 978-84-1110-670-2

18,52 €



Blanca Riestra


As augas interiores

Texto que non respecta as barreiras dos xéneros, pero que podería cualificarse como novela de aventuras e thriller psicológico. A protagonista embarca rumbo a Terranova nun buque de salvamento marítimo que pretende estudar o escenario dun naufraxio. A nave non dá avanzado, xira arredor de si mesma igual ca unha obsesión ou un remorso, cóstalle subir cara ás augas frías onde se amorean os restos de afundimentos e os cadáveres. Entre a tripulación, salientan os mergulladores que son quen de conversar cos monstros mariños.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-1110-652-8

17,05 €



Samuel L. París


Pifostio

"Orixinalidade narrativa e temática en estado puro", di desta obra con rotundidade a editora. "O fráxil, o indómito, a violencia, a poesía, o delirio, a forma, o entusiasmo, a agonía, o futuro, a decepción, o inesperado e o cotián. Sesenta e un artefactos con xente atrapada, fantasía de andar pola casa, profesionais que fan o que poden, crueldade, ciencia ficción doméstica, mordacidade, dor e humor (...) É o *Pifostio*".

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1110-686-3

16,62 €



Diego Giráldez

As obras póstumas

Logo de saber que padece unha demencia agresiva, a escritora Pilar Fonte recibe a encarga de escribir unha obra póstuma. Con moitas dificultades, dita a unha amiga que a acompaña algunhas pasaxes da súa vida e, sobre todo, a súa particular relación co centro psiquiátrico San Simeón, que contemplou dende pequena asomada á ventá do seu cuarto. Mais o vínculo de Pilar co centro non é de simple veciñanza, senón que vai moito máis lonxe. Nin ela mesma imaxinou que a conexión coas persoas que o habitan chegaría a ser tan poderosa. Entre o realismo máxico e a dúbida constante de canto é froito da memoria, Diego Giráldez guía a través dun relato cargado de sensibilidade pero tamén de frescura.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-1110-693-1

16,10 €



Antonio M. Fraga


ASKJA

Unha novela impregnada de nostalxia e tenrura, unha historia de amor que demostra como as cicatrices sandan máis facilmente cando se comparten. Ana viaxa polo leste de Islandia con Xurxo, a súa parella, cando a erupción do volcán Askja pon en pausa a súa vida. Confinada nunha casa de hóspedes mentres agarda a evacuación, o tempo parece dilatarse e a atmosfera faise cada vez máis irreal. Ana aproveita a paréntese para rememorar varios episodios cos homes da súa vida e decidir se realmente está namorada de Xurxo. Porén, todo cambia cando Karen, unha das hóspedes, decide compartir con Ana a existencia dun cuarto secreto ategado de caixas de música. Dende ese momento orixínase entre elas un xogo de sedución a través da palabra e crean unha burbulla íntima na que trocan cinza por desexo, abafo por ilusión.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-1110-695-5

16,62 €



Celia Díaz Núñez


Todos calan

A aparición dun esqueleto emparedado na Casa do Souto trastorna a vida das persoas venciñadas á espléndida vivenda varias veces centenaria. Revélanse por fin silencios e segredos familiares que permaneceron ocultos durante moitos anos e queda ao descuberto unha cruel realidade. Porque a traición máis dolorosa é a que procede de quen máis se ama.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 240 páxinas

ISBN: 978-84-10324-49-7

17 €



Silvia Tasende Coteló


O espírito das maceiras

Estrela Aboi pensa vender a casa familiar, un paraíso latexante cheo de vivencias iniciáticas. Unha novela coral na que Morriña, a aldea familiar e máxica, é protagonista xunto cunha serie de personaxes entrañables. Un libro de amor escrito cos temas propios da condición humana: o camiño entre a infancia e a madurez, a procura da identidade, a consecución dos soños, o legado familiar e o compromiso coa contorna.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 150 páxinas

ISBN: 978-84-10324-47-3

20,80 €



Fernando Otero Otero

Soldado Costante


Un galego de Bueu na Guerra Civil

Memorias directas dun veciño de Bueu, o Soldado Costante, dende o seu nacemento no ano 1911 ata o final da Guerra Civil. Retallos dunhas experiencias directas, contadas nas noites frías do inverno, sentado nun escano a carón do lume da cociña. A testemuña dun soldado á forza, que nunca chegou a ter a certeza de ser vencedor ou vencido.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 134 páxinas

ISBN: 978-84-10324-46-6

17 €



Dolores Redondo

As que non dormen


NASH

A doutora Nash Elizondo, chamada polos medios "a psicóloga dos mortos", recibe a encarga de investigar que sucedeu realmente no val do Baztán logo de que na súa de Lagarrea atopasen o cadáver de Andrea Dancur, desaparecida había tres anos e por cuxo asasinato cumpría condena a ex parella da nai da moza asasinada. Mais outro misterio está a piques de cambialo todo ao tempo que unha pandemia planetaria obriga á corentena. Tradución de César Lorenzo.

Aira Rústica
16 x 22 cm 432 páxinas

ISBN: 978-84-129879-5-9

21,75 €



Nathanael West


A señorita Corazón Solitarios

A señorita Corazón Solitarios é o pseudónimo dun xornalista que mantén un consultorio sentimental nun diario de Nova York. A súa sección é unha manobra para vender máis exemplares. Tras varios meses respondendo cartas con torpes palabras de esperanza, a farsa escapa do seu control. Decátase de que as confesións dos lectores son humildes expresións dun sufrimento verdadeiro que reclaman consello moral e espiritual, e vese na obriga de examinar os valores polos que se rexe. Ambientada na época da Gran Depresión, esta é unha novela cargada de ironía e humor negro, cunha estrutura impecable, de admirable economía verbal. Unha sátira contra a relixiosidade. Traducida do inglés por Ignacio Chao.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 124 páxinas

ISBN: 979-13-990150-0-3

15 €



Tove Jansson


A honrada estafadora

É inverno en Västerby, unha pequena localidade na costa do mar de Botnia. A neve acúgúlese e a vida parece suspendida. Anna Aemelin, afamada ilustradora de libros infantís, vive illada do mundo nunha ampla e solitaria casa de campo que outrora foi dos pais. Pero a súa vida cambia coa chegada de Katri Kling, unha moza seria, intelixente e implacable que se fai acompañar dun imponente pastor alemán, mira polo seu irmán Mats, dez anos máis novo, desconfía da xente e rexeita sen vacilar calquera asomo de cortesía. A relación entre as dúas mulleres dará pé a un xogo sutil no que non sempre queda claro onde acaba a axuda e principia o interese. Traducida do sueco por Marta Dahlgren.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-128075-9 -2

15 €



Marcel Schwob


O libro de Monelle

Malia ser un dos grandes entre os mestres da narrativa moderna e contemporánea, o escritor, ensaísta, crítico e tradutor francés Marcel Schwob (1867-1905), asociado co simbolismo, segue a ser moi descoñecido. No ano 1891 Marcel coñeceu a Louise, unha obreira e prostituta de vinte e tres anos que morrería dous anos despois por mor da tuberculose. O pasamento do seu amor sumiu a Schwob na absoluta desesperación, e, secasí, foi quen de sublimar a vida daquela "muller-nena" transformándoa na protagonista d'O libro de Monelle, unha obra que ata o de agora nunca vira a luz en galego. En tradución de Xoán Abeleira.

Medulia Rústica 15 x 23 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-10324-50-3

17 €



Rosalía de Castro

Ruínas


(Desgrazas de tres vidas exemplares)

A novela, publicada inicialmente por entregas no periódico progresista *El Museo Universal*, reflicte en espello tres arquetipos da sociedade do Antigo Réxime que, ante a chegada dos novos tempos e a preponderancia da burguesía adifneirada, representan o esmorecemento dos xeitos de vida e da escala de valores de épocas pretéritas. Traducida ao galego por Amancio Liñares Giraut e María Rey Rey.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 84 páxinas

ISBN: 978-84-10324-52-7

17 €



Henry James


Washington Square

Washington Square publicouse por primeira vez por entregas na revista inglesa *Cornhill* (xuño-novembro de 1880). A obra, protagonizada por unha "fea e parva" Catherine (en palabras da protagonista), afonda nas relacións familiares dunha rica vinculeira cando o atractivo Morris Townsend pousa os seus ollos nela con intencións matrimoniais. O doutor Sloper, epitome do concepto de patriarcado, intenta protexela nun precario equilibrio entre o amor paterno-filial e a misoxinia. Tradución de Clara Bouzada

Galaxia Rústica
15 x 22 cm 236 páxinas

ISBN: 978-84-1176-405-6

19,47€



Anne Brontë


A inquilina de Wildfell Hall

A mansión de Wildfell Hall recibe unha nova inquilina, unha misteriosa muller acompañada polo seu fillo pequeno. Grazas ás páxinas do seu diario, que chega ás mans do seu namorado, coñecerase o pasado turbulento do que fuxiu a protagonista. Brilla polo seu retrato de personaxes e calidade literaria, mais tamén por poñer en entredito as estruturas sociais que impedían a independencia económica das mulleres. Traducida por Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
16 x 22 cm 468 páxinas

ISBN: 978-84-19795-78-6

20,90 €



Alva Martínez Teixeira e Carlos Paulo Martínez Pereiro

As historias do futuro de Machado de Assis

"Selecciona vinte e cinco ficcións da mellor e máis representativa narrativa curta de Joaquim Maria Machado de Assis, en concreto aquelas que posúen unha maior potencia de actualidade e em que, desde o pasado, o genial escritor conseguiu dizer e narrar para os sucesivos futuros por vir".

Através Capa mole
16,3 x 23,4 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-10491-02-1

16,62 €



Antoinette Portis Non é unha caixa, é unha cidade

Tras Non é unha caixa, chega este outro álbum de Antoinette Portis sobre o valor da creatividade, a colaboración e o traballo en equipo. O pequeno coello quere construír unha cidade de cartón. Amorea unha caixa enriba doutra e non quere axuda de ninguén: nin da alta xirafa nin das pequenas e fortes formigas, nin sequera do camaleón, excelente pintor. As imaxes de Antoinette Portis, compostas por figuras debuxadas a man e anacos de caixas recicladas de diversos tamaños, están cheas de detalles: edificios de equilibrios imposibles, ringleiras de pequenas formigas que transportan caldeiros de pintura, rechamantes cores a medida que o cartón se pinta, se corta e se pega formando un divertido conxunto urbano... En tradución de Chema Heras e Pilar Martínez.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-368-4

14 €



Nadia Budde A banda que ninguén coñece

Un álbum divertido e gamberro ideal para compartir con prelectores e primeiros lectores. Uns estraños personaxes chegan nunha furgoneta. O primeiro ten mirada de moucho, o segundo perruca de la, o terceiro gorro de gala e a cuarta unha voz sorprendente. Ante a mirada atónita dos habitantes do lugar, despregan os seus misteriosos artefactos e comezan a tocar. Sons estridentes, compases atolados, moi pouco afinados, con voces sen alento. Unha nova proposta da ilustradora alemá Nadia Budde repleta de situacións disparatadas, xogos de palabras e rimas delirantes para imaxinar a historia dun particular grupo de rock: A banda que ninguén coñece. Un álbum diferente, protagonizado por personaxes argalleiros, do máis diverso e disparatado, en tradución de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 26 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-376-9

15,20 €



Alicia Suárez Nicolás vai á biblioteca

Un novo título en galego da colección Makakiños "Día a día", adaptado ao sistema SPC de pictogramas, no que se pode visitar unha biblioteca inclusiva da man de Nicolás. A colección Makakiños é unha iniciativa de Kalandraka en colaboración coa Asociación Baión de Tratamento do Autismo (BATA) para achegar a lectura a persoas con necesidades de apoio educativo e facilitar a inclusión de todas e todos. Nicolás vai á biblioteca amosa as múltiples posibilidades que ofrecen estes espazos e os diferentes materiais que están a disposición do público, ademais de mostrar como funciona o servizo de préstamo. De tons alegres e luminosos, as ilustracións de Alicia Suárez destacan polo seu carácter lúdico e a expresividade dos personaxes; son claras, perfectamente asociadas ao texto e nas que se aprecian ata os máis pequenos detalles para facilitar a súa comprensión. En tradución de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 26 x 22 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-335-6

15,20 €



David Hernández Sevillano A miña mascota e mais eu

Unha entrañable historia de amizade entre un can e un neno vista dende outra perspectiva. Ter unha mascota é unha experiencia enriquecedora, pero coidar dela non é unha tarefa doada. Fan falla altas doses de cariño e empatía, aínda que tamén de moita paciencia. Este álbum narra con humor e ironía a relación de amizade entre Coco e a súa "mascota" dende un punto de vista diferente, nun día repleto de aventuras, xogos e complicidades. As ilustracións minimalistas de Alejandra Estrada complementan o texto acentuando este xogo de roles entre os dous protagonistas. Utiliza trazos áxiles e dinámicos marcando a xestualidade e a expresividade corporal de ambos. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-372-1

14 €




Inês Cardoso As mans da miña avoa

Álbum cheo de amor, unha homenaxe ás avoas, ás mulleres que sostiveron o mundo. Os records, os afectos e a calma enchen o día dunha neta que pasa o verán coa súa avoa na casa da aldea. Días de facer queixo, de traballar a terra, de tecer mantas de retallos. De aprendizaxe, asombro, descubrimento, de paciente espera e profundos afectos. Unha obra que traslada no espazo e no tempo a través da sempre curiosa e observadora mirada da infancia. Unha historia tenra e chea de amor que anima a lectores e lectoras a apreciar o valor da cultura tradicional, conservada xeración tras xeración, e a pór en valor as cousas importantes da vida. Ilustracións de Susana Matos e tradución de Iago Nicolás. Inês Cardoso é xornalista. Dirixe o *Jornal de Notícias*, do que forma parte desde a súa fundación en 2009.

Kalandraka Cartonado 21 x 24 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-297-7

15,20 €




Iago López A pequena osa quere xogar

A pequena osa quere xogar ao balón, igual ca os xabarís, pero na fraga non paran de dicirlle que iso non é para ela. Álbum ilustrado por Olaya Naveira.

Xerais Rústica 21,5 x 21,5 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1110-684-9

14,50 €



Andrea Suárez Baquero Os contiños de Andrea de Axeiras


Alseida é unha fada que leva un mandil amarelo e botíns marróns. Durante o día, danza entre as corredoiras tras as bolboretas e á noiteña dorme no oco dunha sobreira coa compañía do seu amigo gnomo e o gato da capela. Noutro dos contos, cada verán, Vega e as irmás perseidas, espallan as súas melenas douradas e atravesan o ceo a unha velocidade tan meteórica que hai que prestar moita atención para ollalas e pedir-lles unha arela. Outro fala das aventuras de Antía e outras cunchiñas de vieira, que logo de invernar nun aparador, son descubertas por Lois, un mozo ao que lle gusta moito a música folk. O derradeiro conto fala dun temesiño nobelo de la azul que habita nunha cesta de vimbio, entre as agullas de calcetar.

Toxosoutos Rústica 14,8 x 21 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-129628-1-9

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




R. J. Peralta Cando era pequena

"Cando era pequena, na aldea, erguíámonos coa luzada. Traballabamos arreo, mais non faltaba a algueirada. Entón, un día chegou unha carta cunha nova de lonxe. Esta é a historia da nosa familia, da nosa aldea e dun gran suceso". Texto da editora. As ilustracións son de Blanca Millán.

Hércules Cartonado 22 x 30 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-19754-83-7

15,20 €



Max Portela Cuco, o amigo invisíbel


Unha nena, cunha nai atarefada e un pai que traballa fóra, ten que xogar soa polas tardes. Ata que se lle aparece un amigo que ninguén máis ve. Xuntos aprenden sobre a vida e as emocións. Pero cando a nena pide nun desexo de aniversario ter un irmanciño, todo cambia.

Toxosoutos Rústica 14,8 x 21 cm 58 páxinas

ISBN: 978-84-129628-2-6

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Manuel Casal Lodeiro Ai

Ai é un cadelíño algo despistado, ben simpático e bastante sensible que está falto de amor. Pregúntase por que todo o mundo pronuncia o seu nome se logo non queren a súa amizade. Mais na vida todo chega, tamén o cariño verdadeiro. As ilustracións son de Antía Barba Mariño.

Aira Cartonado 20 x 20 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-129879-3-5

14 €



Leticia Costas Curriño. Fama ou fuga

Secuestraron a Curriño. Foi Anxélica, unha nena moi fan de Curriño, que o reconece na rúa e o leva á súa casa para coidalo e volver facelo famoso. Queira el ou non. Curriño bota en falta os seus amigos e, aínda que Anxélica é bastante prosma, tamén bota en falta ter preto alguén que lle dea agarimo e que o adore. Así que terá que escoller entre recuperar a súa antiga fama ou a liberdade, que acaba de descubrir. Ilustracións de Mili Koey.

Xerais Rústica 14,5 x 20 cm 74 páxinas

ISBN: 978-84-1110-682-5

10,95 €



Barbara Cantini Bufiño & Brunilda O diario perdido

Por culpa do traveso xene Viravolta Bufiño transfórmasse nun neno divertido e Brunilda nunha gatiña falangueira. Para poñerlle remate a este feito deben descubrir onde está agochado o diario secreto de Romilda. Entre mapas enmiegados, anteollos fantásticos e espíritos un pouco aterradores, atoparán moito máis ca un libro. En tradución de Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González.

Hércules Cartonado 14 x 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-19754-78-3

13,90 €

Isadora Moon en galego



Harriet Muncaster Isadora Moon vai á escola

Isadora leva unha vida plena e atarefada na súa casa en compañía de Coelliño Rosa. Dende o seu dormitorio na torre máis alta pode ver toda a cidade e saír a voar entre a lúa e as estrelas, pero un día os seus pais opinan que xa ten a idade necesaria para ir á escola. Isadora esforzase por comportarse como unha fada completa e ser todo o que os vampiros agardan dela sen deixar de ser ela mesma. Harriet Muncaster crea unha personaxe irreverente, divertida e un chisco aloucada que representa á perfección as dúbidas, problemas e desafíos aos que se enfrontan as cativas ao longo da infancia. Isadora Moon non é fada nin vampira, pero iso non é un problema para ela: é xusto o que a fai especial e única.

Bululú Rústica 14 x 20 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-10049-33-8

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Isadora Moon quere axudar

A nai de Isadora contrae a gripe das fadas e ela quere facela sentir ben por todos os medios: facerlle o almorzo, lerlle un conto, coidar de Bebé Chorima, prepararlle un baño de burbullas, recoller o seu dormitorio... todo é pouco para Isadora, pero DEMASIADO para os seus pais! Harriet Muncaster crea unha personaxe irreverente, divertida e un chisco aloucada que representa á perfección as dúbidas, problemas e desafíos aos que se enfrontan as cativas ao longo da súa infancia. Isadora Moon quere axudar por todos os medios para que a súa nai se encontre mellor, conseguírao?

Bululú Rústica 14 x 20 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-10049-34-5

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Pere Tobaruela Formig4s misión Samain

Formos4, Forx4n, Fornel4 e Form4il son os catro integrantes das Formig4s, unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. En *Misión Samain* entran no Alén tras os pasos dun enigmático escaravelo branco. Ali atópanse coa Santa Compañía e outros personaxes estraños. Nesta estarrecedora aventura no universo das tebras, o doutor Paumao pon a proba de novo a brigada especial.

Xerais Rústica 14 x 20 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-698-6

13,50 €



Edith Nesbit Os nenos do ferrocarril

Cando o seu pai desaparece misteriosamente, Roberta, Peter e Phyllis deben deixar a súa vida comfortable en Londres para instalarse nunha modesta casa de campo e a súa nai ponse a escribir para obter uns ingresos que apenas chegan. Os nenos pasan o tempo na estación de tren, onde fan amizade co mozo das maletas, co xefe da estación e cun pasaxeiro ancián que lles axudará a resolver varios problemas. Traducido por Moisés Barcia.

Sushi Rústica
14 x 21 cm 242 páxinas

ISBN: 978-84-16884-94-0

17,10 €



Claudia Castro Seis leiras e un piano

Os poemas deste libro están ategados de ritmo e de luz. De xogo, de música, de natureza e de aldea. De sentimento e reivindicación do noso. Como apunta o poeta Antonio García Teijeiro no epílogo do libro, "son poemas para seren lidos en voz alta. Para cantalos e acompañalos con xestos e palmas. Pero tamén para reflexionar sobre o fondo que moitos gardan e comentalos posteriormente en animadas parladas. É boa poesía. E diso se trata". As ilustracións son de Laura Tova.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1110-699-3

12,95 €




Elena Osés O misterio de Xacarandá

Quen lle ía dicir a Mel que mudarse ao vello casarón da praia se convertería nunha aventura fantástica. Após a morte da súa nai, os catro irmáns e mais o seu pai abandonan a cidade para ir vivir no abandonado fogar da familia na aldea de Oires. As súas preocupacións centrábanse en reformar o casarón, reabrir a vella panadería e adaptarse ao peculiar estilo de vida dos seus veciños. Até que unha misteriosa rapaza co pelo da cor do mar comezou a aparecérseles nas noites de treboada. As ilustracións son de Eva Agra.

Bululú Rústica
13 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-10049-32-1

12,50 €




Ismael Álvarez Xogos tradicionais e populares dos Ancares

Coa imaxinación a rapazada construíu xogos para ocupar o tempo de lecer que, ademais, facían comunidade e axudaban a desenvolver diferentes aptitudes individuais e colectivas. Neste traballo de recolleita polas serras e vales dos Ancares, Ismael Álvarez consegue xuntar unha presada destes xogos, libralos do esquecemento e poñelos a dispor de quen quixer. Aparecen aquí as versións ancaresas de xogos tradicionais, algúns tamén propios doutras partes do país. As 70 ilustracións de Lucía Barrios recrean os momentos clave destes xogos.

Dep. Lugo Rústica
17 x 24 cm 116 páxinas

ISBN: 978-84-8192-610-1

16,15 €



Guadalupe Vázquez Formoso

A voz silenciada

"Chámome Felisa e, aínda que por fóra me vexas sorrindo e ata rir ás veces –non en van me chamaban de nena 'Felisa a felis', co seseo noso de Carnota–, a procesión vai por dentro. Cal é a miña historia? É complexa, moito, e preguntóme, cada día, canto tempo a poderei seguir aturando, pero pode resumirse en tres simples palabras: Vivo cun monstro". A voz silenciada nace como un intento de dar visibilidade ao maltrato doméstico e de sensibilizar á sociedade.

Toxosoutos Rústica 13 x 20 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-129628-4-0

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Alba De Evan


Queridas pantasma

Amelia múdase a unha nova vila fuxindo do seu pasado, mais non está claro se se pode escapar do que axexa no maxín de cada quen. Entre as paredes do seu novo fogar descobre que a amizade pode transcender a morte, e que, como pasa con todo o importante, as rosas non son tan doadas de coídar como parece.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-648-1

12,95 €



Miguel Vázquez Freire e Xosé Tomás


Gaiolas

Catro testemuños de mulleres de distintas idades, condición social e profesional, que falan de vidas que unha vez se viron engaioladas. Catro voces que falan tamén da importancia de recoñecer o encerro das gaiolas para abrirille as portas.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm 60 páxinas

ISBN: 978-84-1176-383-7

15,20 €



Miguel Alonso Diz

De príncipes, princesas e outras andrómenas

Este é un libro de princesas que bailan, que xogan ou que espertan. Tamén de princesas que se anoxan e que se alegran. Hai algunhas que loitan e outras que berran. Xunto a princesas que fan do silencio a mellor ferramenta. Póde-se cambiar a palabra "princesas" por "príncipes" e todo será igual. Porque este é un libro de poemas que claman a favor da igualdade. As ilustracións son de Luz Beloso.

Xerais Rústica
13,6 x 19 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-1110-666-5

12,95 €



Marilar Aleixandre


Castelao segundo Rañolas

Marilar Aleixandre pediu aos personaxes creados por Alfonso Daniel que a axudasen a contar algúns detalles da vida deste. Así foi como Rañolas, Peito de Lobo, Pimpinela, o esqueleto, Melchor e algún outro acudiron á chamada da autora para trazar a vida do grande escritor, debuxante, político e pensador de Rianxo.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 114 páxinas

ISBN: 978-84-1176-380-6

14,50 €



Fina Casallerrey


Dúas bágoas por Máquina

Nova edición dunha emotiva novela, narrada con tenrura e humor, que aborda toda a complexidade das relacións entre os nenos e os animais. Cando Xusta fixo seis anos, recibiu da súa familia un agasallo moi especial: un can, ao que lle puxeron o nome de Máquina. Desde aquel día, Xusta e Máquina foron dous amigos inseparables. Pero, co paso dos anos, a familia da nena foi cansando do animal. E, sen que Xusta o saíba, o pai decide desfacerse del abandonándoo nunha estrada. Con debuxos de Víctor Rivas.

Xerais Rústica
13,6 x 19 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-1110-668-9

12,95 €



Eloy Moreno

Invisible

"O problema foi que nunca cheguei a controlar ben ese poder. Ás veces, cando máis ganas tiña eu de ser invisible era cando máis xente me vía. En troques, cando quería que todos me visen era cando ao meu corpo lle daba por desaparecer". Emotiva, conmovedora, diferente... Invisible narra, a través dos ollos dun rapaz, unha historia que podería ser a de calquera. A tradución do castelán é de Charo Baleirón Sónora.

Hércules Rústica
25 x 32 cm 320 páxinas



ISBN: 978-84-19754-66-0

18,05 €

A máis grande homenaxe ás c

Seguindo a estela das figuras homenaxeadas este ano no Día das Letras, na librería Biblos de Betanzos programamos para o mes de abril un obradoiro de ritmos e melodías básicas para tocar a pandeireta nun serán. Impartido polas mozas que integran o Proxecto Pesquedellas (Sara e Noelia Fraga Pérez e Gala Illanes), participaron un total de 26 persoas que se achegaron con entusiasmo aos rudimentos deste instrumento. Se este obradoiro foi un éxito, o

mesmo cabe dicir da actuación das mozas e mozos da Escola Municipal de Música e Baile Tradicional de Coirós dentro das actividades previstas por Biblos para o Día do Libro. A croa do casco histórico de Betanzos foi unha festa, das letras e da música. Rendémonos ante a habilidade e o dominio da técnica deste grupo, pero tamén ante o seu ánimo sedutor. Esa alegría contagiosa que tanto vale e da que se podería colixir que a tradición ten moito futuro.



José Manuel Fernández Pensado

As vellas de Mens

José Manuel Fernández Pensado (Manel de Aturuxo) achega un relato de primeira man das "Vellas de Mens" dende a perspectiva de quen as viu aparecer en 1972 e coas que conviviu artisticamente durante vinte anos, compartindo infinidade de vivencias con elas e as súas familias. Detalla como foi posible que unhas mulleres labregas xa maiores se integrasen nunha agrupación folclórica por espazo de tanto tempo; quen eran, cal era a súa contorna, os seus devezos e o que significaron para o eido folclórico galego. O seu legado. Prólogo de Xosé Manuel Varela Varela e epílogo de Felipe-Senén López Gómez.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 214 páxinas
ISBN: 978-84-1176-394-3
14,50 €




Rodrigo Vázquez García

O estudo da música a través da cultura popular galega

Unha achega didáctica ao folclore musical en Galicia

Proposta de carácter didáctico-pedagóxico para o aproveitamento do material etnomusical derivado da investigación musicolóxica galega, "feito que ligamos ao desexo de darlle continuidade a un primeiro volume sobre o estudo da música tradicional: *A tradición oral na comarca da Ulloa*", obra tamén publicada pola Deputación de Lugo. O violinista e docente Rodrigo Vázquez concibe a música tradicional en Educación Secundaria en función dunha perspectiva programada didacticamente que á súa vez se segmenta en diversas unidades.


Dep. Lugo Rústica
17 x 24 cm 218 páxinas
ISBN: 978-848192-609-5
17,10 €



Os xéneros musicais tradicionais e populares galegos

Un texto onde quedan clasificados de xeito didáctico os xéneros cantados, instrumentais, bailados e danzados, afondando nas súas características, momento da interpretación, finalidade... E un CD con 31 melodías dos cancións e de fontes vivas, que recompilan a maior parte dos xéneros musicais que se tratan no texto, incluíndo as súas partituras. Unha viaxe no tempo para sentir a voz cálida de Uxía, a imponente de Xisco Feijóo, ou o anguriante canto de cego ao son da zanfona na profunda voz de Tino Baz. No CD. Colaboran, entre outros, Uxía Senlle, Tino Baz, Xisco Feijóo e Juan Eiras.

Hércules Cartonado
16,5 x 24 cm 296 páxinas
ISBN: 978-84-19754-86-8
33,25 €



Leccións de Gaita

Xaime Estévez Vila (Ed.)

Galaxia publicou en 1978 este método para gaita de Enrique Otero Covelo (Vigo, 1930-2013), coñecido como O Gaitero do Frago, que se completa co cuarto curso, rexistrado por Otero en 1980, mais inédito para o público. Esta metodoloxía, próxima a facer o medio século de existencia, marcou un fíto nas edicións pedagóxicas da música galega e da aprendizaxe da gaita galega en particular. Enrique Otero foi o primeiro gaitero da tradición en realizar unha proposta semellante xuntando os seus coñecementos e experiencia como músico coa súa militancia na tradición. Entre outras están pezas tan senlleiras coma "Alborada de Pontecaldelas", "Muiñeira de Chantada", "Marcha do antigo Reino de Galicia", "Foliada de Monforte" e "Foliada de Tenorio".

Galaxia Rústica
21 x 29,7 cm 116 páxinas
ISBN: 978-84-1176-398-1
20,90 €

cantareiras e á poesía popular



Carlos Callón
Maxicamente vella, eternamente nova
A literatura tradicional galega

Primeiro dunha serie de ensaios cos que Carlos Callón explicará "dunha forma distendida as chaves da literatura galega ao longo dos séculos". Nel o autor reasenta con naturalidade as raíces na moi prolífica tradición oral que este ano se verá representada no Día das Letras por seis mulleres nas que se encarna "o festexo de todo un pobo que mantivo o xenio creador da lingua, tamén en circunstancias moi difíciles".

Xerais Rústica
13,5 × 20 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-1110-662-7
11,50 €


Á venda só en pedido conxunto por importes superior a 12 €



Ana Isabel Boullón Agrelo (Ed.)
Canta ti, cantarei eu
A poesía popular oral

O día das letras galegas de 2025 boia luz sobre os compoñentes da tradición popular e vindica unha voz múltiple de muller, a voz das clases subalternas sempre invisibilizadas que termaron da lingua e que, sen formación académica, souberon crear un imaxinario colectivo, un universo poético que reflicte con humor e sabedoría, con sensibilidade e retranscrición, o mundo que lles tocou vivir, as preocupacións, as angueiras cotiás, o amor, a vida.


USC Rústica
17 × 24 cm 320 páxinas
ISBN: 978-84-10142-65-7
20,90 €



Séchu Sende
O povo improvisador
Aventuras sobre regueifa e poesía oral

Este libro está escrito mas fala de poesía oral. Fala de mistérios, aventuras e curiosidades do repente galego, um mundo cheio de oportunidades para mudar a realidade do século XXI com as voces, as músicas e as palabras do povo. Improvisar implica abrir camiños novos, fugir dos tópicos, com criatividade e rebeldia. Porque se fizeres o que sempre fizeste, terás o que sempre tiveste. Este libro fala sobre umha capacidade que todas as persoas posuímos e podemos desenvolver: a poesía.


Através Capa mole
16 × 24 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-10491-00-7
15,20 €



Chévere
As fillas bravas de Momán

Son tres mulleres maiores que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron as súas nais e a nais das súas nais. Viven en Momán, unha aldea que representa todas as aldeas. Elas veñen a reafirmar modelos apoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios. A obra é tamén un traballo de investigación sobre os roles da muller que aparecen reflectidos no cancionero popular galego, para o que o grupo Chévere realizou unha escolma e adaptación de textos de transmisión oral.


Kalandraka Rústica
16 × 22,5 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-1343-384-4
13 €



Isabel Blanco
Galegas na música

Este libro reúne unha escolma de biografías de mulleres galegas dedicadas á música, dende a primeira xograresa ata as máis recoñecidas músicas contemporáneas. É, ademais, unha reivindicación da música tradicional galega, que, representada de xeito especial polas cantareiras e pandeireiras, está presente en todas elas. Con ilustracións de María Lapido.

Belagua Cartonado
19,5 × 28 cm 62 páxinas
ISBN: 978-84-129637-0-0
20,90 €



Calros Solla
Saberes de María da Vrea

"A colleita de María Fraíz Canaval dourouse á calor e lentura de quen todo nolo deixou: Pepa Canaval e Mamá Filomena. Carrexáronse as mazarocas da leira ao casal. Esfolláronse no albio e, ben atondadas, curaron engordioño ao socairo do canastro". Un volume que recolle a tradición oral da freguesía de Folgoso (Cerdedo).


Morgante Rústica
14,8 × 21 cm 324 páxinas
ISBN: 978-84-19040-49-7
25,17 €



Celia Díaz Núñez
A avoa canta como a cotovía

Fala da primeira vez que a avoa Oliva lle cambiou o nome. E así unhas veces é Adrián e outras Toño. A avoa está feliz e o neto tamén. Sobre todo porque agora ela sorri moito máis, e ás veces canta cantigas que non se lle oíran. Pois o que máis lle gusta á avoa, sen dúbida, é cantar. A súa filla di que canta como a cotovía. Con ilustracións de Alba Santa.

Galaxia Rústica
12,5 × 20 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1176-374-5
12,40 €



Icíá Varela e Xosé Manuel Varela
Cantareiras

Un percorrido polo legado da música e a poesía popular. A tradición das pandeireiras. As Vellas de Mens, Eva Castiñeira e Adolfinia e Rosa Casás. Da man da pandeireira Icíá Varela e o investigador Xosé Manuel Varela.

Xerais Rústica
13 × 20 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-1110-610-8
11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Eva Mejuto
Sei cantar e sei bailar

Segue a pegada das viaxes de Dorothe Shubarth por Galicia e acompaña á musicóloga suíza do Courel á Costa da Morte para recoller as voces das mulleres que mantiveron viva a faísca da lingua no seu cantar. Conta cun apéndice informativo e cunha web para achegarlle á rapazada, e traballar na aula, un petisco da poesía e da música tradicional galega. Ilustracións de Lucía Cobo.

Xerais Cartonado
19,5 × 26,6 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-1110-618-4
15,50 €



Mercedes Peón, Ana Romani, Selina Otero, Andrea Nunes, Susana Sánchez Aríns
Somos pandeireiras

Esta é a historia dunha serie de mulleres que, coa pandeireta na man, eran libres. Nas súas páxinas, seis mulleres galegas contemporáneas: Ana Romani, María Reimóndez, Andrea Nunes, Susana Sánchez Aríns, Mercedes Peón e Selina Otero recollen o testemuño desde a súa propia palabra.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-609-2
17,05 €




María Lado
Canta, miña compañeira

Adolfinia, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción e Manuela son os nomes propios de seis das miles de cantareiras ou pandeireiras que ao longo do tempo crearon e conservaron unha rica poesía popular oral, que foi transmitida de xeración en xeración. Este libro é unha viaxe ao seu tempo e ao seu lugar, na que coñecerás xente á que, como a ti, a move a curiosidade.

Xerais Rústica
13,5 × 19 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-619-1
12,95 €

Álbum ilustrado



Manuel Ferreiro (Coord.)

Universo cantigas 01


Amor

Volume co que se inicia a publicación en formato libro do conxunto da lírica profana galego-portuguesa. Este primeiro volume recolle a edición das 704 cantigas de amor transmitidas polos cancioneros medievais. O texto (crítico) de cada cantiga vai acompañado dunha paráfrase en galego actual, para alén da indicación das fontes manuscritas, das edicións anteriores existentes e dun QR que liga cada poema á edición completa en Universo Cantigas na Internet. Volume coordinado por Manuel Ferreiro, canda Mariña Arbor Aldea, Bieito Arias Freixedo e Leticia Eirín.

UDC Rústica 20 x 27 cm

ISBN: 978-84-9749-892-0

45,60 €



Xesús Alonso Montero

Poesía e sociedade no cancionero popular galego


Dezaseis leccións

Xesús Alonso Montero pon a atención en dúas dimensións das composicións populares: no que teñen de artístico, de poético, e no que conteñen como documento sociohistórico, así como nos creadores e re-creadores anónimos populares, nunha gran maioría mulleres. Este estudo intenta mergullarse nos estamentos sociais subalternos que non só forxaron as cancións populares á luz do candil, senón que, recreándoas ou non, transmitíronas ata os nosos días.

Galaxia Rústica 13,5 x 23 cm 254 páxinas

ISBN: 978-84-1176-385-1

15,67 €



As poetas da colección Salsés

Volume que abre a colección coa que a editorial Galaxia celebra o seu 75 aniversario coa idea de recuperar para os lectores e lectoras do século XXI moitas das obras publicadas que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade. En 1961 a editorial creou unha colección de poesía en lingua galega, a colección Salsés. Nela publicaron as poetas escolmadas para a presente edición pola profesora Patricia Arias Chachero, responsable tamén do limiar. Todas de procedencias e estilos moi variados, son, María do Carme Kruckenberg, que asina *Canaval de ouro* en 1962; Pura Vázquez, en 1963 con *A saudade i outros poemas*; e María Manuela Couto Viana e Anne Marie Morris, dúas poetas alófonas, autoras de *Frauta lonxana* (1964) e *Voz fuxitiva* (1965), respectivamente. A elas súmase Xohana Torres, que se inclúe nesta antoloxía porque é a primeira muller en publicar en Galaxia e porque tivo intención de acometelo en Salsés, malia non facelo.

Galaxia Rústica 15 x 22 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1176-381-3

17,57 €



Samuel Merino


Manual de camuflaxe

"Manual de camuflaxe é unha expedición creativa que nos envolve e nos interroga, coma unha fenda luminosa. Máis aló da adaptación á contorna, a camuflaxe sinala o paradoxal desexo de ser visto, de ser recoñecido no mesmo medio da disolución. Nesa tensión entre o visíbel e o velado, os versos de Samuel Merino adquieren unha calidade especular, devolvéndonos a nosa propia fraxilidade". Di a editora.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-694-8

12,95 €



Rochi Nóvoa Vázquez

Arame e fío


Universo de palabras entre afiadas e sutís tecidas a través duns fíos de cores que unen tempos, voces e emocións, onde a tenrura e a forza entrelázanse coma puntadas nun tecido delicado e resistente ao mesmo tempo, a cabalo entre a urxencia e o perdurable. É unha viaxe pola memoria e polas feridas que nos constrúen. En cada mazacote, coa súa cor vital e coa súa proposta activa, Nóvoa procura versos onde fía sentimentos profundos, empregando a lingua como un arame que sostén e une.

Dep. de Ourense Rústica
17 x 23 cm 84 páxinas

ISBN: 978-84-16643-67-7

10,98 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xosé Manuel López Ardeiro


Na néboa dunha esperanza

Antoloxía da obra poética de Xosé Manuel López Ardeiro (Logrosa, Negreira, 1944-Ferrol, 2007). Autor de sete poemarios, foi membro fundador da sociedade cultural Afonso Eanes de Negreira e da ONG *Alén Mar*. Participou en diversas actividades sociais e culturais (Ateneo Ferrolán, Dorna ou Ferrol Análisis).

Medulia Rústica
15 x 23 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-10324-51-0

18,90 €



Francisco Rivas

Beixos Gallados

"Un haikú debe transmitir a emoción que o poeta sentiu ó contemplar algo... Debe deixar de ser un texto descritivo para converterse en poesía. A impresión transmitida pode ser de fermosura... harmonía... serenidade... melancolía... Moitas veces a escena amosada remitirá a un significado universal." Paco Rivas.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-10324-53-4

14,90 €



C PREMIO DE POESÍA
CONCELLO DE
VILALBA

Andrea F. Maneiro Meridiano orixe

Versos e imaxes, palabra e cor. Exipto, Vietnam, a India, Porto, Chipre, Romanía, Compostela ou Carril. Son algúns dos espazos visitados e convertidos en poemas e fotografías por Andrea F. Maneiro. A maxia habita nas esquinas do mundo e a autora atopouna nos momentos sinxelos da vida. *Meridiano Orixo* é un libro de viaxes que percorre medio mundo abandeirando o verso e captando ese intre fotográfico fuxido de rostros e paisaxes. "Andrea non é poeta, é perfumista. Só ela podería trenzar unha ruta da seda cunha senda das especias e que funcionase como o trazado dunha espiña dorsal sinestésica. Columnata meridiana". Emma Pedreira, no Limiar

Alvarellos Rústica 14 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-18567-75-9

16,05 €



Manuel Cabada Castro Versos para soñarmos espertos

Libro de poemas que conecta cun lirismo naturalista, onde a percepción da paisaxe ou o trino dun paxaro son o reflexo da propia visión poética do autor. O amor, o paso do tempo ou a conexión coa terra, son algúns dos temas. O volume está ilustrado pola acuarelista Charo Blanco.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-10324-48-0

17 €



Fran Alonso Véndoche un poema

A omnipresente publicidade invade as vidas de todas e todos. O que pode sorprenden é que a publicidade bota man constantemente de moitos recursos propios da poesía. Ás veces, mesmo emprega a propia poesía para dirixirse aos clientes potenciais e tratar de convencerlos. A partir da relación entre poesía e publicidade, Fran Alonso convida a explorar esa conexión amigable e contraditoria, interesada e diverxente, para ofrecer un libro de poemas directos, incisivos e críticos, escritos desde contextos onde as imaxes de anuncios publicitarios acompañan no día a día. *Véndoche un poema* é un libro transgresor no seu concepto, desafiante e atrevido nos versos, que dispara poemas á diana da comunicación máis poderosa deste tempo: a publicidade.

Xerais Rústica 14 x 21,5 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-683-2

13,50 €



PREMIO MIGUEL
GONZÁLEZ
GARCÉS 2022


Yolanda Castaño A falsa autónoma

Escuro e descarado, *A falsa autónoma* solta un obús sobre contidos infrecuentes para a poesía e sinala o impacto emocional que poden ter as dificultades económicas. Faino cun fondo simbolismo capaz de falar de débeda, obediencia e autoexplotación dun xeito transcendente. Un poemario sobre a fustrigante servidume do traballo, nomeadamente o dun campo cultural tan inzado de clarescuros. Unha voz, quer sarcástica, quer autocrítica, desesperada ou rabiosa, profundamente política, pon o foco na maquinaria á vez insaciable e degradante do capital, deixando ver que o mandato económico é, á fin e ao cabo, un mandato de miseria.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1110-599-6

13,50 €




Carlos Solla herba de vigo

"Este libro de poemas de Carlos Solla é unha homenaxe poliédrica a esta amada e odiada cidade nosa que tatexa, latexa e se desangra cada serán en cada esquina e que ao outro día xa está en pé para ir ao choio. Pero tamén é un berro reivindicativo, unha reflexión intelixente e, ás veces, unha gargallada agriçoce na noite, que se burla de todo aquilo que nos deshumaniza e nos ridiculiza como pobo". Do prólogo de Xosé-Henrique Costas.

Morgante Rústica
14,8 x 21 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-19040-48-0

17,10 €



Sofía Ruvira Canícula

Poemario que fala da xenealoxía familiar e a natureza. Hibridando o espazo mariño co monte e o rural co urbano, as nais coas avoas e as avoas coas netas, o libro preséntase como una reflexión arredor do que supón medrar e marchar, ou o que supuxo, nun tempo, ficar. "Os poemas galopan como as pernas de cabalos que foxen, como budiños que se escorregan polas rías do Atlántico, como pingas que se desfán co primeiro sol da primavera", di a editora.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 74 páxinas

ISBN: 978-84-8487-713-4

13,95 €



XXVII PREMIO DE
POESÍA JOHÁN
CARBALLEIRA DO
CONCELLO DE BUEU


X. L. Mosquera Camba Trece maneiras de mirar un almanaque

"*Trece maneiras de mirar un almanaque* é o canto do merlo que lles pon banda sonora aos amenceres da vida do autor dende un loureiro próximo á súa casa. Ese canto e ese merlo son sempre os mesmos e son tamén sempre outros. Mais ese merlo, algún dos merlos, non é acaso o que cantou Wallace Stevens? E un mira dende os seus limitados ollos, mira de trece inesgotables e ubicuas maneiras. E o merlo velaí vai, por entre as xestas, contra todo prognóstico, atravesando o tempo". Texto da editora.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-635-1

12,95 €



Henrique Monteagudo e Ramón Villares

Saber de Nós O Seminario de Estudos Galegos

Volume que recolle traballos presentados aos congresos "Saber de nós. Cen anos do Seminario de Estudos Galegos" e "O Seminario de Estudos Galegos e as institucións da alta cultura do seu tempo", organizados polo Consello da Cultura Galega co gallo do centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos no ano 2023. O SEG tivo un percorrido breve pero brillante, entre 1923 e 1936. Está considerado como un fito na modernización tanto da cultura galega como da propia universidade.

C. Cultura Galega Rústica 17 x 23,5 cm 548 páxinas

ISBN: 978-84-17802-68-4

19 €



Xosé de Cea

O que estou a dicir cando digo "Altri non"

Xosé de Cea, escritor con raíces palenses e melidao de padrón, aborda a problemática que se deriva do proxecto da multinacional portuguesa Altri e a galega Greenalia para construír en Palas de Rei a fábrica de celulosa soluble máis grande de Europa. Faino dende unha perspectiva radicalmente emocional e subxectiva. Tira de memoria, andainas, lecturas, sentimentos e intuición coa arela de tecer unha trama de reflexións arredor do que supón este proxecto empresarial para un habitante da Terra do Medio, ademais de tentar as actitudes que cómpre esgrimir para enfrontalo.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-8487-721-9

14,95 €



Miguel A. Bastos


O pequeno é possível Como o tamaño define o futuro de una nación

Este libro procura desafiar o mito da bondade da maior escala aplicada aos Estados. Muitos problemas políticos têm origem numa escala inadequada de organización do poder, e as vantagens que dimensións máis modestas poderían ofrecer nunca sã consideradas. Além disso, como defendiam os economistas italianos das finanzas públicas do inicio do século XX, a cuestión da dimensión debe ser avaliada pelo bem-estar dos individuos e das comunidades, e não pelos intereses dos grandes grupos de poder que normalmente dirigen as nossas sociedades. Concluimos o livro debruçando-nos brevemente sobre a viabilidade de uma Galiza independente.

Através Capa mole 16 x 24 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-10491-01-4

15,20 €




Mª do Pilar García Negro Arredor de Castelao no século XXI

Reedición da obra publicada orixinalmente en 2001 mais agora actualizada para conmemorar o 75º aniversario do falecemento de Castelao, unha das figuras máis relevantes da cultura galega do século XX. O texto ofrece unha análise profunda e contextualizada do pensamento e legado do intelectual rianxeiro: analiza a visión política de Castelao sobre a autonomía e soberanía de Galicia; a obra artística, con especial foco no seu traballo como debuxante e humorista gráfico; o seu compromiso coa lingua galega e o papel na normalización cultural, así como a vixencia das súas ideas no debate contemporáneo.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 210 páxinas

ISBN: 978-84-8487-711-0

18,95 €




Luís Lamela Golpistas e represores

Este libro procura e documenta a responsabilidade dos falanxistas na represión, identifican e explora o seu papel na construción do franquismo. A través de biografías e investigacións, saca á luz a historia incómoda dos vitimarios, cuxas accións deixaron unha pegada profunda na sociedade galega e española. Unha reflexión sobre un pasado que aínda agarda ser comprendido na súa totalidade.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 406 páxinas

ISBN: 978-84-8487-715-8

28,45 €



Sergio Fontegher Bologna Nazismo e clase obreira, 1933-1993

Nazismo e clase obreira, 1933-1993

O autor estuda o papel da clase obreira nos anos anteriores e posteriores á toma do poder nazi. Ao analizar as condicións de vida das persoas traballadoras e os acontecementos máis cruciais do período o libro desmonta o xuízo tradicional da historiografía, segundo o cal a clase obreira e o proletariado alemán inclináronse perante Hitler sen opor ningunha resistencia. Unha visión substancialmente inxusta, que non ten ningún respecto pola realidade, a dicir do autor.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-8487-723-3

17,05 €




Castelao Sempre en Galiza

No ano 1944 publicábase en Bos Aires a primeira edición de *Sempre en Galiza*. No pasado mes de xaneiro cumpríronse setenta e cinco anos do pasamento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, a gran figura política e cultural da Galicia contemporánea, e a editorial Galaxia publica unha nova edición con motivo do Ano Castelao 2025.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 584 páxinas

ISBN: 978-84-8288-729-6

23,13 €



Carmen V. Valiña

As tolas que non o eran

Mulleres no manicomio de Conxo 1885-1936

Este é un libro sobre as que nunca importaron. As internas no manicomio de Conxo entre 1885 e 1936 tiñan todos os ingredientes que condenan a unha persoa á marxe: mulleres, aldeás, pobres, analfabetas, rebeldes. "En cada relato emerxe un escintileo que nos interpela: "Estou aquí e quero que me escoites", lembra a editora. E engade: "Todas elas regaláronnos a súa mirada a través das paredes do manicomio e as súas palabras para escoitar a voz das vencidas. Porque o que queda nas cunetas da historia merece ser contado".

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 142 páxinas

ISBN: 978-84-1176-409-4

16,05 €



David Gesteira


A historia de Galicia en 30 obxectos

Disque os obxectos son quen de gardar o pasado e mantelo vivo. Polas páxinas desta obra do historiador David Gesteira pasan libros prodixiosos, ferramentas do pasado, edificacións senlleiras e multitude de historias. A obra permite coñecer como elementos tan cotiáns coma unha campá, un carro, unha moeda ou un reloxo comunican coa historia de Galicia.

Aira Rústica
17 x 24 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-129879-7-3

18,95 €



María Xosé Queizán

Recuperemos as mans/ Evidencias

Edición conmemorativa de *Recuperemos as mans* (1980) e *Evidencias* (1989). Pretende rescatar, poñer en valor e difundir dúas contribucións imprescindibles de María Xosé Queizán como pensadora galega ao debate feminista. Nelas compróbase que gran parte das cuestións que preocupan aínda no presente aparecían xa naquel momento: diferenza sexual, familia, participación na esfera pública, violencia contra as mulleres, lesbianismo, poder, valor, lingua, corpo e desexo, amor e escrita das mulleres, entre outras.

C. da Cultura Rústica
17 x 24 cm 248 páxinas

ISBN: 978-84-17802-70-7

17,10 €



José Baqueiro

Un paseo ilustrado por Santiago de Compostela


An illustrated stroll through Santiago de Compostela

Nunha coidada edición en capa dura e en tres idiomas –galego, castelán e inglés– e a través de 50 acuarelas, José Baqueiro ilustra un percorrido por unha das cidades europeas máis admiradas e visitadas, Santiago de Compostela. O autor convida a gozar con pausa dos encantos, a beleza e a historia do casco medieval a través duns debuxos delicados, inspirados e detallistas, que se enriquecen cos textos da historiadora Elena Iglesias Durán. A tradución ao inglés correu a cargo de María Recous Barbeito.

Alvarellos Cartonado 20,5 x 16 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-18567-74-2

18, 90 €



John L. Austin

Como facer cousas con palabras


Se por algo vai ser recordado este libro de filosofía é pola teoría que desenvolve, a dos actos de fala. Non é propiamente un libro de lingüística porque non se concentra na oración ou nalgún dos seus equivalentes actuais en uso (proposición, sentenza, cláusula, frase...). O seu obxectivo principal é a acción que se exerce a través da linguaxe, son os actos de fala. É unha visión filosófica da linguaxe. Prólogo de Antonio Blanco Salgueiro. En tradución de Benigno F. Salgado.

USC-Fund. BBVA Cartonado
17 x 24 cm 249 páxinas

ISBN: 978-84-10142-42-8

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Hannah Arendt


Eichmann en Xerusalén

Entre abril e decembro de 1961 celebrouse en Xerusalén o xuízo contra Adolf Eichmann, tenente coronel da SS, encargado da expulsión xudia entre 1938 e 1941, e logo responsable do transporte de xudeus cando se aplicou a Solución Final no 1942 baixo as ordes de Reinhard Heydrich. Hannah Arendt, que chegou aos Estados Unidos como refuxiada xudeoalemá, asistiu ao xuízo como correspondente do periódico *The New Yorker* por petición propia. En 2025 cúmprese o cincuentenario do falecemento de Hannah Arendt (1906-1975). A súa figura volve cobrar protagonismo á luz do troco de papeis de Israel e o paso de exterminado a exterminador. Con prólogo da pola máis prestixiosa especialista sobre Arendt en España, a catedrática da Universidade de Barcelona Fina Birulés, escrito en catalán e versionado para galego por outra profesora da mesma UB Helena González.

USC-Fund. BBVA Cartonado
17 x 21 cm 436 páxinas

ISBN: 9788418445446

15 €



Manuel Lage

Barreiros

Historia completa

Manuel Lage, secretario xeral de ASE-PA e recoñecido historiador do automóbil en España, fai un longo percorrido pola vida de Eduardo Barreiros (Nogueira de Ramuín, 1919-A Habana, 1992) e a gran empresa que creou, Barreiros Diésel S.A. O autor recompila os datos técnicos e características dos motores, camiós, tractores, autobuses e automóviles da marca, datos que se acompañan con 660 fotografías. Unha viaxe no tempo que recolle as transformacións que se fixeron no pequeno taller de Ourense ata o final da produción de camiós na fábrica madrileña de Villaverde. En castelán.

Dep. Ourense Cartonado
25 x 32 cm 370 páxinas

ISBN: 978-84-16643-64-6

57 €



Susana Reboreda Morillo (Coord.)

Contáronme un conto mal contado


Onde estaban as mulleres na Historia?

Traballo elaborado por un grupo de historiadoras vinculadas á Universidade de Vigo que pretende visibilizar o papel das mulleres realizando un percorrido dende a Prehistoria ata o século IV. Busca amosar unha secuencia de realidades variadas que transcorren, ou se refiren, ás primeiras épocas históricas aplicando nas súas análises distintas perspectivas e metodoloxías.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 196 páxinas

ISBN: 978-84-1176-379-0

19,47 €



Alba Díaz-Geda Mudar en común: Galiza 1959-1982

Unha análise sociohistórica dos cambios no rural galego

Este traballo propón repensar o proceso de baleirado e transformación do rural galego que comezou no século pasado. "Desde outro lugar. Son os labregos vítimas ou verdugos? Heroes ou superviventes? Quen son "os labregos"? Que poden facer? Que fan? É o final da sociedade rural ou a súa reinvención? Vamos repensar un proceso aínda vivo e fundamental para comprendermos o mundo no que vivimos", di a autora.


Dep. Lugo Rústica
20 x 26,5 cm 538 páxinas
ISBN: 978-848192-608-8
30,40 €



Martiño Noriega Os médicos tamén enferman

Crónica persoal do ex-alcalde de Santiago de Teo, Martiño Noriega, onde relata o seu regreso á Medicina despois de doce anos na política activa. Escrito entre 2021 e 2024, este libro permite descubrir directamente o sentir dun médico no duro contexto da sanidade pública nestes anos, mais tamén está inspirado nas voces das persoas que escoita cada día na súa consulta de atención primaria. "Na Medicina de Familia reencontreime coa palabra acompañar, co exercicio de escoitar", escribe.

Alvarellos Rústica
14x 21 cm 130 páxinas
ISBN 978-84-18567-76-6
16,05 €



Xosé Agreló Hermo De Simón a Ratzinger

